



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA VINTE E UN DE NOVEMBRO DE 2016

▪

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 21 de novembro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D. Jesús Antonio Fernández Cal e D. Emilio Villarnea Mendez.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 07-11-16, 08-11-16, 09-11-16 e 14-11-16.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación das actas das sesións celebradas os días 07-11-16, 08-11-16, 09-11-16 e 14-11-16.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

EXPTE. 1120/2016.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Roberto Antonio Martinez Pedre e D^a. Elisabet Gómez Fernández.

Visto que, segundo se desprende do informe xurídico, constan no expediente os seguintes antecedentes:

- Con data 1 de xullo de 2016, foi presentada por MARTINEZ PEDRE ROBERTO ANTONIO solicitude de Licenza Urbanística para a CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (S+B+BC), en SOAR con referencia catastral 3765309PJ1336N0002FL sito en SANTO ALBITES, Viveiro. Coa solicitude, o promotor achegou a seguinte documentación:

- Proxecto básico en formato CD redactado pola arquitecta, D^a. Susana Pérez Pereiras, que conta co visado colexial do COAG de data 22 de xuño de 2016, n.º de visado 1603740. O proxecto contén unha memoria urbanística na que se indica a finalidade e o uso (residencial) da construción proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente (OUP), e con expresa clasificación do solo (núcleo rural) e da normativa aplicable nel.

- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

- O 9 de setembro de 2016 requiríuse ao solicitante para que emendase a solicitude mediante a presentación da seguinte documentación, indicada no informe do arquitecto municipal de 8 de setembro de 2016:

1.Plano U2 urbanización, modificado, retranqueando os muros de peche

2.Plano de cesións (3 copias) expresando a superficie obxecto de cesión a viais e documentación acreditativa da titularidade de parcela

- O 3 de outubro de 2016 o solicitante achega o plano de cesións requirido (CE-1) e documentación acreditativa da titularidade da parcela; dita documentación foi complementada coa achegada o 4 de novembro de 2016, consistente nunha certificación asinada pola arquitecta redactora do proxecto, acreditativa da superficie real da parcela (2.740 metros cadrados), dada a existencia dun erro na superficie que figuraba na documentación do proxecto básico (2,672,98 metros cadrados).

Consta no expediente informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal.

No mencionado informe sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo de núcleo rural en parte da parcela, séndolle de aplicación a ordenanza ón 7 e solo rústico especialmente protexido noutra parte da parcela, séndolle de aplicación a ordenanza 9.

Descríbese a parcela coas seguintes características:

Concello de Viveiro

Asi mesmo sinálase que o artigo 24.2 da Lei 2//2016, *Réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural* referido a sistema de cesión de viais, recolle, *“Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso”*. O artigo 92.1 da Lei 2/2016, referido a *Protección das vías de circulación*, recolle, *“As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior”*. Establécense no informe técnico as seguintes superficies resultantes tras a cesión obrigatoria:

- superficie bruta: 2.740,00 m²
- superficie bruta [núcleo rural]: 2.006,05 m²
- superficie cesións: 12,17 m² (segundo plano de cesións)
- superficie neta [núcleo rural]: 1.993,88 m²

Engádese no informe técnico que se trata dun proxecto de construción de vivenda unifamiliar. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais. Segundo o recollido no informe técnico o proxecto cumpre coa normativa urbanística. Sinálase así mesmo que, segundo consta no proxecto os servizos urbanísticos están garantizados, contemplándose a realización das acometidas á rede eléctrica, de auga e de tratamento das augas residuais, e a arquitecta redactora do proxecto fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable. O arquitecto municipal establece que se deberá constituír unha garantía mínima pola cantidade de 1.550,00€, equivalente ao 100% das actuacións urbanísticas pendentes de executar. Establécese así mesmo unha fianza de 1.200,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

Consta no expediente informe xurídico favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- Respecto do cumprimento da lexislación e da ordenación urbanísticas aplicables ao fondo do asunto, e conforme o disposto no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando se pretenda construír novas edificacións no solo de núcleo rural, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura e regularización do viario preciso. Dita cesión afecta, por mor do disposto no artigo 92.1 da citada norma, á superficie necesaria para que a vía pública á que dea fronte, acade unha anchura mínima de 4 metros dende o seu eixe.

- Da documentación técnica e xurídica achegada polo interesado, e verificada de conformidade polo arquitecto municipal, resulta que da superficie total escriturada da finca resulta a obriga de cesión para viais ao Concello de Viveiro dunha porción de terreo de doce metros cadrados e

Concello de Viveiro

dezasete centímetros cadrados (12,17 m²), que foi formalizada en data 9 de novembro tal e como se dí no antecedente quinto do presente informe.

- Igualmente, por mor do disposto no punto 3 do artigo 24 LSG, no caso da construción de novas edificacións (en núcleo rural), as persoas propietarias deberán executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo, engadindo o punto 4 que poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación debendo exixir o municipio garantías suficientes do cumprimento desta obriga. Segundo o informe dos servizos técnicos, os servizos urbanísticos pendentes que deberán executarse son os seguintes: cometidas á rede de subministro eléctrico, abastecemento de auga e saneamento, polos que se deberá exixir unha garantía mínima de 1.550 euros, equivalente ao 100% do custo de ditas actuacións.

- De conformidade co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 24.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Concellos están facultados para intervir a actividade dos administrados mediante a esixencia de depósito previo de garantías que sirvan para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras, coa finalidade de reconstruír ou reparar os posibles danos que nel se causaren.

- Deben consignarse no acordo de concesión da licenza os extremos recollidos no artigo 17 do RDUGa,

En base aos antecedentes referidos, conclúe o informe xurídico considerando que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a D. Roberto Antonio Martínez Pedre e a D^a. Elisabet Gómez Fernández para a CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (S+B+BC) en SOAR con referencia catastral 3765309PJ1336N0002FL e situado en SANTO ALBITES, de esta localidade, de acordo coas seguintes determinacións:

1. Clasificación e calificación urbanística do solo: **Solo de núcleo rural.**

2. Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: **Vivenda unifamiliar, uso residencial.**

Concello de Viveiro

3. Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: **S+B+BC (5,40 metros de altura de cornisa), e 149,30 m² ocupación de parcela.**

4. Contía na que se presupostan as obras: **321.400 euros.**

5. Situación e emprazamento: **Cr Santo Albites. Ref. Catastral 3765309PJ1336N0002FL.**

6. Nome e razón social do promotor: **Roberto Antonio Martínez Pedre e Elisabet Gomez Fernández.**

7. Técnico autor do proxecto: **Susana Pérez Pereiras.**

8. Prazos para o inicio e terminación das obras: **6 meses e 3 anos, respectivamente.** O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

- A presente licenza outorgase dexando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

- O promotor deberá presentar o proxecto de execución e os oficios de dirección de obra, dirección de execución material das obras e coordinador de seguridade e saúde antes de iniciar a execución das obras e, en todo caso, cunha antelación suficiente para que poda verificarse polos servizos técnicos municipais.

- As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e demais documentación obrante no expediente.

- O promotor deberá constituir na Tesourería municipal as seguintes garantías:

a) En garantía dos servizos urbanísticos pendentes que deberán executarse (acometidas á rede de subministro eléctrico, abastecemento de auga e saneamento) 1.550,00 euros.

b) En garantía da reparación dos posibles danos nos bens municipais e espazos públicos durante a execución das obras, 1,200,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do acordo á Tesourería municipal para os efectos de levar a cabo os trámites correspondentes respecto das garantías que debe constituir o interesado-promotor das obras.



Concello de Viveiro

Terceiro.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

Auséntase da votación a Alcaldesa-Presidenta, D^a. María Loureiro García.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

EXPTE. 3/2016.

Visto o escrito presentado por D^a. Blanca Veiga García co número de rexistro de entrada 2016-E-RC-6411 e con dirección a efectos de notificacións na rúa Navia Castrillón, nº 1-2^aB, en Viveiro no que textualmente expón, que:

“Con fecha 25 de abril de 2016 me solicitan por escrito desde o Concello de Viveiro no punto núm. 2 “Clasificación das certificacións aportadas en materia de formación de muller e igualdade ou violencia de Xénero e familiar, ao obxecto da súa valoración”, alo que se contesta detalladamente mencionando el nombre del título y las horas destinadas a la consecución de los mismos.

Con fecha 6 de mayo de 2016, se me convoca a asistir ante la Mesa de Contratación y se procede a puntuar los criterios correspondientes, y es cuando una persona de la Mesa de Contratación indica que uno de los títulos a los que yo hacía referencia no se encontraba, a lo que respondo que se debe de tratar de un error (uno de los títulos está compulsado dos veces y al que se hace referencia no está compulsado), y que si me lo autorizan lo presento inmediatamente, a lo que se me responde que no existe ninguna posibilidad por no ser legal, en todo caso lo tendría que aportar cuando me comunicasen el resultado de la convocatoria.

Con fecha 18 de abril de 2016, se me dirige una comunicación para que justifique tres aspectos.

El aspecto número 2 “Clasificación das certificacións aportadas en materia de formación da muller e igualdade ou violencia de xénero e familiar ao obxecto da súa valoración”, ya que por no tener claro que títulos corresponden a “Formación en temas de muller e igualdade” y “Formación en violencia de xénero e familiar”, por lo que se me solicita seleccionar que títulos, diplomas o certificaciones por mi presentados corresponden a los criterios correspondientes.

Con fecha 25 de abril de 2016, entrego escrito en donde respondo a los tres apartados que se me solicita y en el aspecto núm. 2, describo todos los títulos que tengo, detallando el nombre del título y las correspondientes horas dedicadas a cada uno.

Este error sería totalmente subsanable, ya que con una simple comunicación y observando que uno de los títulos a los que hago mención no aparece, y que otro de los títulos está compulsado por duplicado, se presentaría dicho título al instante, no entendiendo por mi parte el motivo de la no comunicación de esta incidencia, y como indico anteriormente totalmente subsanable.

SOLICITO:

1

1.Se admita el título de Agente de Igualdad de Oportunidades para la mujer de 180 horas, tal y como describí en mi contestación de fecha 25 de abril de 2016, ya que considero que por un error se compulsó dos veces el mismo título, no habiendo sido compulsado el arriba mencionado y se valore dentro del apartado 1, correspondiente a formación en temas de muller e igualdade.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Concello de Viveiro

1

2. Se valore la puntuación del criterio 3 "Experiencia profesional acreditada en el apartado B", de Doña Ana María Abad López, extrapolando las horas del contrato que se mantuvo en los servicios del CIM de Viveiro desde 01.02.2001, y adaptándolas a meses, ya que como criterio el contrato es de 40 horas mensuales, lo que supone una semana de experiencia por cada mes contratado, ya que en el certificado que expide el propio Concello de Viveiro se dice textualmente que "presta servizos como psicóloga do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Viveiro desde el día 01 de febrero de 2001 de maneira ininterrompida ata a data de hoxe" no estando por mi parte de acuerdo, ya que como sabe el propio Concello y la Mesa de Contratación, el contrato es de 40 horas mensuales.

1

3. Solicito, así mismo, en relación al certificado de servicios prestados en el Concello de Burela por parte e Doña Ana María Abad López, que se desglose el número de horas de los contratos ya que si no se estaría valorando por meses completos, sin saber realmente si es lo que corresponde.

1

4. En el certificado del Colexio Oficial de Psicología de Galicia se indica que D^ª. Ana María Abad López desde el 25 de mayo de 2004 hasta el 16 de junio de 2006 "foi psicóloga habilitada no Programa de Atención Psicológica a Mulleres que sofren violencia de xénero e complementariamente para as súas fillas e fillos menores...".

Puesta en contacto con el Colexio Oficial de Psicología de Galicia, y a solicitud mía en relación a esta experiencia laboral, me comunican que el estar habilitada en el Programa de Atención Psicológica a Mulleres que sofren violencia de xénero, no significa que la experiencia laboral a la hora de computar sea de meses completos, ya que para eso tendría que presentarse el número de casos llevados en ese periodo y el número de horas dedicados a los mismos, datos que según me indican en el Colegio sólo los puede solicitar la interesada, por lo que solicito a esta Mesa, que a su vez solicite las aclaraciones correspondientes, para poder determinar con total precisión las puntuaciones de este concurso.

Pongo como ejemplo los otros certificados del Concello de Viveiro y del Concello de O Vicedo, que aparecen en este expediente de Contratación en los que certifica las horas correspondientes de experiencia y no las fechas.

Por todo lo expuesto, solicito que habiendo por presentado este escrito tengan a bien admitirlo y por interpuesto Recurso de Reposición Potestativo contra el acuerdo adoptado por al Xunta de Gobierno Local de fecha 17 de agosto de 2016, y que tengan en cuenta lo indicado por mi parte y valoren de nuevo el concurso, corrigiendo los errores que arriba les expongo y les adjunto, de nuevo, el título de Agente de Igualdad de Oportunidades para la mujer de 180 horas."

Resultando que na XGL de data 10 de outubro de 2016, visto o recurso presentado, se acordou a convocatoria da Mesa de Contratación para a análise do referido recurso.

Vista a acta da Mesa de Contratación de data 4 de novembro de 2016 na que se analizou o recurso de reposición presentado, na que a Mesa de Contratación fai constar:

1

"(...)

1. Respecto á solicitude de admisión do título "Agente de igualdade de Oportunidades para la mujer (on line)":

Concello de Viveiro

Que no sobre número 3 presentado pola licitadora para o presente expediente non se incluía o referido título. Por este motivo esta titulación non pode ser valorada, tal e como se fixo constar xa na acta da Mesa de Contratación de 6 de maio de 2016.

Esta observancia fundaméntase no artigo 145 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en consonancia coas cláusulas 13 e 14 do prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe a presente contratación, en virtude das cales se establece a documentación a incluir en cada sobre e o prazo de presentación das proposicións. Deste xeito non resulta admisible a presentación de nova documentación para a súa valoración con posterioridade ao remate do prazo de presentación de proposicións, non podendo considerarse subsanable a non inclusión pola licitadora no sobre 3 do referido título.

O prazo de presentación de proposicións rematou en data 7 de marzo de 2016. No escrito presentado pola licitadora en data 25 de abril, en resposta á solicitude de aclaración de documentación requerida polo Concello, a licitadora cita o título, pero igualmente sen constar a súa aportación. A constancia de presentación no Concello do título prodúcese o día 28 de xullo de 2016.

Con base nos argumentos sinalados, a Mesa entende que debe procederse á desestimación do recurso interposto no tocante a que se lle valore á recorrente o título "Agente de igualdade de Oportunidades para la mujer (on line)".

1

2. *Respecto á solicitude de revisión da puntuación do criterio 3 (experiencia profesional acreditada no apartado b) da licitadora dona Ana María Abad López), por parte da Mesa realizáronse as seguintes observacións:*

Pola Secretaría municipal sinálase que, segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas para a valoración do criterio núm. 3, establécese unha puntuación por mes completo traballado, o que nunha primeira lectura leva a pensar que a puntuación que se outorgue será, en todo caso, por mes completo. No prego non se determina que debe entenderse por mes completo, podendo xurdir unha disfunción na puntuación de considerar, en todo caso, mes completo calquer periodo de 30 días consecutivos traballados sen ter en conta as horas traballadas no devandito periodo. Polo que se pode apreciar na acta da Mesa de Contratación de 6 de maio, considerouse mes completo todo periodo completo de 30 días consecutivos traballados.

Pola Mesa de Contratación analízase que na valoración realizada para a adxudicación do contrato considerouse como mes completo todo periodo de 30 días traballados, independentemente das horas traballadas en dito periodo. O recurso presentado fundamenta o erro na valoración do criterio 3 b) no tocante ao mes completo traballado considerando que debería ser un mes traballado a xornada completa de 40 horas semanais. Enténdese que a xornada de 40 horas semanais tampouco podería xeneralizarse para toda a experiencia profesional, posto que entón debería estarse á xornada laboral existente en cada caso concreto. Así, por exemplo, a xornada de traballo no Concello de Viveiro, segundo o convenio de persoal e a lexislación aplicable ás Administracións Públicas, é de 37 horas e media semanais. No prego de cláusulas non se determina que debe entenderse por mes completo traballado, o que non permite poder realizar unha ponderación axustada ao mesmo da puntuación en función das horas traballadas ao mes en cada posto de traballo presentado polas licitadoras e que poidese corrixir a disfunción derivada de considerar mes completo todo o periodo de 30 días consecutivos traballados. A maiores, a Mesa aprecia que esta disfunción non só se daría no criterio 3 b), senón tamén no criterio 3 a), resultando neste último aínda máis difícil de poder acreditar as horas traballadas.

En base aos argumentos expostos, e reiterando que na cláusula 16 do prego a valoración do criterio 3 establececese por mes completo traballado, sen determinar que se debe entender por mes completo, a Mesa de Contratación entende que, para

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

proceder a unha valoración adecuada na maior medida posible ao recollido no prego, debe considerar mes completo todo o periodo completo de 30 días consecutivos traballados, polo que entende, coas salvidades referidas nos fundamentos que antecede, que debe procederse a desestimación do recurso presentado no tocante á valoración do criterio 3 b)."

A Xunta de Goberno Local, en base ao determinado pola Mesa de Contratación en data 4 de novembro de 2016, segundo consta na correspondente acta, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Desestimar en base aos fundamentos recollidos no presente acordo, o recurso de reposición presentado por D^a. Blanca Veiga García contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2016.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a súa notificación aos interesados, coa expresión do recurso procedente (recurso contencioso-administrativo).

Incorpórase á Sesión a Alcaldesa-Presidenta, D^a. María Loureiro García.

EXPTE. 3358/2016.

Visto o escrito presentado en data 11 de agosto de 2016 pola empresa MONTAXES XUSTO, S.L., con CIF B27186469, e domicilio a efectos de notificación no Parque Empresarial Ponteceso, Parc. B8-B9, Tella, C.P. 15110-Ponteceso (A Coruña), solicitando a devolución da garantía definitiva para a execución do contrato denominado "Subministración de maquinaria para o Matadoiro Municipal de Viveiro", expte. CT 2013/7, por importe de 2.985,35 euros.

Visto o informe emitido polo servizo de contratación, no que se informa que segundo informe da Alcaldía, que consta no expediente, a subministración foi entregada nas instalacións do matadoiro municipal o día 20 de decembro de 2013, a plena satisfacción do Concello. Que a Alcaldía do Concello, mediante escrito asinado o 27 de outubro de 2016, solicitou á sociedade "Explotacións Viveiro S.L.", adxudicataria do contrato de xestión do matadoiro municipal, que se pronunciara sobre o funcionamento da maquinaria subministrada por "Montaxes Xusto S.L.". Que o representante da sociedade axudicataria da xestión do matadoiro municipal, "Explotacións Viveiro S.L.", encargada do uso da maquinaria subministrada, presentou informe ante este Concello con Rexistro de entrada núm. 7326, de 4 de novembro de 2016, na que relaciona no punto 1 a maquinaria subministrada por "Montaxes Xusto S.L." e no punto 2 expresamente manifesta "Que os elementos de traballo anteriores funcionaron correctamente, sen detectar por parte da empresa contratista adxudicataria da explotación do matadoiro municipal anomalía algunha.



Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, en base ao informe emitido polo servizo de Contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Devolver á empresa MONTAXES XUSTO, S.L., a garantía definitiva referente ao expediente de contratación "Subministración de maquinaria para o Matadoiro Municipal de Viveiro", expte. CT 2013/7, por importe de 2.985,35 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Tesourería para proceder a levar a efecto o acordado no punto primeiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ós interesados.

EXPTE. 2898/2016.

Vistos todos os antecedentes do expediente para a contratación denominada "Acondicionamento e mellora dos viais de acceso ao casco histórico de Viveiro" (Expte. CT 2016/11).

Vista a acta da Mesa de Contratación de data 15 de novembro de 2016, na que se recolle que presentaron oferta as seguintes empresas: CARFERLO S.L., EXCAVACIONES RAMSEI S.L. E VILLASUSO ORTEGAL S.L. Resultando que, segundo consta na da Mesa de Contratación a empresa Carferlo S.L. presentou a oferta de forma telemática en sobre aberto, polo que a Mesa decidiu a súa exclusión do procedemento.

Vista a acta da Mesa de Contratación de data 17 de novembro de 2016, na que se recolle a apertura dos sobres nº 2 das empresas admitidas: Excavaciones Ramsei S.L. e Villasuso Ortegál S.L. Segundo consta na referida acta, as ofertas presentadas foron as seguintes:

		OFERTAS (Importes con IVE)	PUNTOS (Cláusula 18 prego cláusulas)
Villasuso Ortegál S.L.	Económica	84.700,00 €	20
	Prazo	2 meses	30
Excavaciones Ramsei S.L.	Económica	92.028,50 €	18,41
	Prazo	3 meses	0

Resultando que non se produxo acto de negociación posto que non acudiron ao acto ningún dos licitadores ofertantes.

Vista a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación en sesión de 17 de novembro de 2016, a favor da empresa "Villasuso Ortegál, S.L." (por resultar a oferta máis vantaxosa, segundo o referido no cadro anterior) coa seguinte oferta:

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Orzamento base	21% IVE	Orzamento total
70.000,00 €	14.700,00 €	84.700,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Requirir á empresa “*Villasuso Ortegal, S.L.*”, con CIF núm. B-15.800.907, para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato, consonte ao establecido na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, outorgándolle para os devanditos efectos un prazo de cinco días.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

EXPTE. 3538/2016.

Visto o escrito de SANTIAGO Y CÍA ALMACENES COMERCIALES, S.L., con domicilio a efectos de notificación en Verxeles, nº 3, en Viveiro, no que solicita devolución de aval en concepto de garantía de reparación dos posibles danos que se poidan ocasionar nos bens municipais pola execución das obras no lugar de Muiños, nº 6, San Pedro, en Viveiro, segundo a licenza URB/28/2016, por importe de 3.000,00 euros.

Visto o informe emitido polo vixiante urbanístico, no que indica que as obras e o espazo público quedaron en perfectas condicións, podendo devolverlle a fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por SANTIAGO Y CÍA ALMACENES COMERCIALES, S.L., para responder da licenza URB/28/2016, que ascende á cantidade de 3.000,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

6.- CONTA XUSTIFICATIVA

EXPTE. 1550/2016.

Vista a proposta da Concellería de Facenda para a aprobación da conta xustificativa, polo importe total da subvención, e resto de subvención 2016 da Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro, por importe de 300,00 euros (a subvención ascendía a un total de 3.000,00 euros, dos cales 2.700,00 euros foron adiantados en concepto de anticipo)

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Visto que en data 9 de agosto de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a asociación de 2.700,00 euros.

Visto que en data 19 de outubro co número de entrada 2016-RC-E-7001 a citada asociación aporta a documentación para xustificar o convenio de 2016.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 4300-48920 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida á Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro para o ano 2016, pola súa totalidade e o outorgamento do resto de subvención (non anticipada) segundo o convenio asinado, por importe de 300,00 euros, con cargo á aplicación 4300-48920.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da sociedade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

EXPTE. 3694/2016.

Vista a proposta da Concellería de Facenda para a aprobación da conta xustificativa polo importe total da subvención e resto de subvención 2016 da Banda de Música "O Landro " de Viveiro, por importe de 2.000,00 euros (a subvención ascendía a 20.000,00 euros, e 18.000,00 euros foron adiantados en concepto de anticipo).

Visto que en data 13 de maio de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a asociación de 18.000,00 euros.

Visto que en data 8 de novembro co número de entrada 2016-RC-E-7377 a citada asociación aporta a documentación para xustificar o convenio de 2016.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48901 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida á Banda de Música "O Landro " de Viveiro para o ano 2016, pola súa totalidade, e o outorgamento do resto de subvención (non anticipada) segundo o convenio asinado, por importe de 2.000,00 euros, con cargo á aplicación 3340-48901.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da sociedade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

EXPTE. 3713/2016.

Vista a proposta da Alcaldía para a aprobación da conta xustificativa pola súa totalidade e resto de subvención 2016 da Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro, por importe de 2.500,00 euros (a subvención ascendía a 25.000,00 euros, e 22.500,00 euros foron adiantados en concepto de anticipo).

Visto que en data 13 de maio de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a asociación de 22.500,00 euros.

Visto que en data 11 de novembro co número de entrada 2016-RC-E-7496 a citada asociación aporta a documentación para xustificar o convenio de 2016.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48905 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida á Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro para o ano 2016, pola súa totalidade e o outorgamento do resto da subvención (non anticipada) segundo o convenio asinado, por importe de 2.500,00 euros, con cargo á aplicación 3340-48905.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da sociedade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

efectos.

6.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 3877/2016

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 3877/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

8.- PROPOSTAS DE GASTOS

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 3060/2016.- EXPTE. 3178/2016.- EXPTE. 3372/2016.- EXPTE. 3373/2016.- EXPTE. 3408/2016.- EXPTE. 3612/2016.- EXPTE. 975/2016.- EXPTE. 1845/2016.- EXPTE. 3512/2016.- EXPTE. 3513/2016.- EXPTE. 3682/2016.- EXPTE. 3683/2016.- EXPTE. 3703/2016.- EXPTE. 3705/2016.- EXPTE. 3747/2016.- EXPTE. 3770/2016.- EXPTE. 975/2016.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 21 de novembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147